

12 Memoria económica

No ano 2007 destaca sobre calquera outro feito económico o remate do saneamento das contas, coa liquidación do exercicio 2006. A política de equilibrio orzamentario dos últimos anos acadou a reversión dun remanente negativo de 8 millóns de euros e o saneamento de dereitos de cobramento pendentes por outros 7 millóns.

O orzamento de 2007 medrou un 5,4%, orientado, sobre a base dos obxectivos do Plano estratéxico, cara á dotación de medios humanos e materiais para a adaptación ao EEES. A obtención de fondos extraorzamentarios para a área residencial e o parque tecnolóxico contribuíu á dotación de infraestruturas axeitadas, para cuxo fin se mostrou insuficiente o plano de financiamento vixente.

Tamén se rematou o pasado ano a formulación do Plano estratéxico da UDC, coa elaboración dos Proxectos e accións e da Programación plurianual 2007-2008. O Plano foi un exemplo de participación e de acordo da comunidade universitaria. Traballaron nel 10 comisións con 92 membros e procurouse a representación de todos os sectores e centros. Aprobouse co máximo consenso en Claustro, Consello de Goberno e Consello Social. O resultado final estable-

ce 24 obxectivos, 45 proxectos e 165 accións, que supoñen unha minuciosa e valiosa guía na xestión da nosa organización.

Finalmente, o Plano de intensificación da adaptación ao EEES (concretado en actuacións como a mellora das instalacións e equipamentos de centros e departamentos, a promoción dos másteres oficiais ou a mellora das instalacións de apoio ao estudo) ten relación coas cuestións anteriores: a súa dotación económica, duns 3 millóns de euros, foi posible grazas ao saneamento das contas, e a planificación estratéxica permitiu orientar estes recursos cara ás necesidades prioritarias da institución.

Liquidación do orzamento do exercicio 2006

A liquidación do orzamento do exercicio 2006 aprobouse no Consello de Goberno do 15 de maio de 2006, foi presentada ao Claustro o 29 de maio e, unha vez auditada, foi ratificada polo Consello Social do 19 de decembro. O documento, que está dispoñible no enderezo <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/memoriasecon.asp>, resúmese por capítulos no seguinte cadro:


Capítulo	Orzamento	Liquidación
III: Taxas, prezos e outros	15.067.402,00	15.734.680,63
IV: Transferencias correntes	76.168.200,97	77.710.224,27
V: Ingresos patrimoniais	313.510,00	639.222,18
VII: Transferencias de capital	13.845.147,98	23.734.419,60
VIII: Activos financeiros		580,00
IX: Pasivos financeiros		375.000,00
TOTAL INGRESOS	105.394.261,95	118.194.126,68
I: Gastos de persoal	70.720.872,27	68.860.625,96
II: Bens correntes e servizos	15.651.135,95	16.108.873,98
III: Gastos financeiros	138.000,00	8.465,25
IV: Transferencias correntes	2.491.085,00	2.635.993,38
V: Fondo de continxencia	1.000.000,00	105.254,11
VI: Investimentos reais	15.153.278,73	23.563.803,84
VII: Transferencias de capital	224.890,00	204.450,08
VIII: Activos financeiros	15.000,00	30.000
TOTAL GASTOS	105.394.261,95	111.517.466,60

Cadro 166 **Orzamento e liquidación de 2006**


Coa liquidación do orzamento do exercicio 2006 pódese considerar rematado o saneamento orzamentario, iniciado no ano 2004, por un montante superior

aos 15 millóns de euros. Esta cifra é a suma dos dous factores que se ilustran nos seguintes gráficos:

1. Reverteuse o signo dun remanente negativo de 8 millóns de euros:




2. Saneáronse dereitos de cobramento (especialmente concentrados nos exercicios 1999, 2002 e 2003) por outros 7 millóns de euros:



Para acadar este saneamento foi necesaria unha política de equilibrio orzamentario, en que os gastos non superasen os ingresos do período:


Cadro 169 Saldo orzamentario



Nos anos 2004 e 2005 o saneamento financeiro traducíuse nunha mellora dos pagamentos. Acadouose unha situación en que a fin do exercicio non existían outros pagamentos que un volume residual de ope-

racións en curso. No ano 2006 mantívose esta situación, de xeito que eses pagamentos en curso supuxeron tan só un 2% dos pagamentos anuais:

Cadro 170 Pagamentos a 31 de decembro



Orzamento do exercicio 2007

O orzamento do exercicio 2007 da Universidade da Coruña foi aprobado polo Consello de Goberno o 14 de decembro de 2006 e o 19 de decembro polo Consello Social. Está dispoñible en <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/orzamentos.asp> e inclúe

os obxectivos do orzamento, a análise dos capítulos de ingresos e gastos, os criterios de distribución dos fondos descentralizados, as bases de execución e todas as partidas de ingresos e gastos individualizadas. O seguinte cadro recolle o seu resumo por capítulos e a súa evolución respecto do ano anterior:

INGRESOS	2006	%	2007	%	VAR 06/07
Capítulo III: Tasas, prezos públicos e outros ingresos	15.067.402,00	14,30%	15.338.453,00	13,81%	1,80%
Capítulo IV: Transferencias correntes	76.168.200,97	72,27%	84.151.587,09	75,75%	10,48%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	313.510,00	0,30%	300.000,00	0,27%	-4,31%
Capítulo VII: Transferencias de capital	13.845.147,98	13,14%	11.297.404,72	10,17%	-18,40%
Capítulo VIII: Activos financeiros	1,00	0,00%	1,00	0,00%	0,00%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00%
Total orzamento de ingresos	105.394.261,95	100,00%	111.087.445,81	100,00%	5,40%

GASTOS	2006	%	2007	%	VAR 06/07
Capítulo I: Gastos de persoal	70.720.872,27	67,10%	76.934.166,78	69,26%	8,79%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	15.651.135,95	14,85%	17.207.362,91	15,49%	9,94%
Capítulo III: Gastos financeiros	138.000,00	0,13%	42.000,00	0,04%	-69,57%
Capítulo IV: Transferencias correntes	2.491.085,00	2,36%	3.052.106,42	2,75%	22,52%
Capítulo V: Fondo de continxencia	1.000.000,00	0,95%	250.000,00	0,23%	-75,00%
Capítulo VI: Inversións reais	15.153.278,73	14,38%	13.559.289,71	12,21%	-10,52%
Capítulo VII: Transferencias de capital	224.890,00	0,21%	31.270,00	0,03%	-86,10%
Capítulo VIII: Activos financeiros	15.000,00	0,01%	11.250,00	0,01%	-25,00%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00%
Total orzamento de gastos	105.394.261,95	100,00%	111.087.445,81	100,00%	5,40%


Cadro 171 Evolución do orzamento por capítulos

O orzamento de 2007 orientase cara á consecución dos obxectivos da Universidade da Coruña previamente consensuados no seu Plano estratéxico, que poderíamos resumir nos seguintes puntos:

- Fomento da orientación do persoal docente á investigación de calidade
- Consolidación do parque tecnolóxico
- Contribución a unha xestión máis áxil e eficaz, dotándoa de medios humanos
- Potenciación da cultura da calidade e a innovación, orientada á transición ao EEES
- Impulso do desenvolvemento de titulacións competitivas
- Avance no uso das TIC nos distintos ámbitos universitarios


- Desenvolvemento harmónico dos campus
- Impulso das actividades culturais e de extensión universitaria

O orzamento acadou os 111 millóns de euros, cun crecemento dun 5,4% respecto ao do ano anterior. O orzamento vese complementado por significativas actuacións suplementarias, entre as que destacan os compromisos da Consellería de Vivenda e Solo na área residencial da nosa universidade (máis de 7 millóns de euros só en terreos) e os doutras Consellerías, especialmente a de Innovación e Industria, no parque tecnolóxico (superior ao 3 millóns de euros).



Cadro 172 **Evolución do orzamento da UDC**

A principal fonte de crecemento dos ingresos foi o aumento das transferencias correntes da Xunta de Galicia, que permite financiar por completo o incremento no gasto corrente:




Cadro 173 Composición dos ingresos

Recoñeceuse a necesidade de acudir a outras fontes de financiamento para acometer investimentos adicionais e, de feito, conseguíronse recursos significativos nas convocatorias de anticipos reembolsables e de parques tecnolóxicos.

O gasto oríéntase á dotación de medios humanos (tanto PAS como PDI) e materiais para a investigación de calidade e a integración no Espazo Europeo de Educación Superior. Destaca o crecemento das bolsas a estudantes, moí superior ao do conxunto do orzamento (supera o 17%). No terreo dos investimentos, ademais dos dirixidos ao desenvolvemento do Parque Tecnolóxico e a completar instalacións culturais, figuran partidas para a adaptación ao EEES e, como novidade, unha partida para seguridade e hixiene.

Por último, os créditos descentralizados tiveron un crecemento xeral do 5%, a excepción do destinado a mantementos. Neste caso optouse por unha descentralización parcial da xestión, que se traduciu nun in-



Cadro 174 Composición dos gastos

cremento dos recursos xestionados polos centros dun 25%. En canto aos criterios de reparto, como unha das medidas para potenciar a implantación das novas titulacións, incorporáronse os POP ao cómputo de titulacións en igualdade de condicións que os graos.

Plano estratéxico

Aínda que o Plano estratéxico da UDC xa pode considerarse vixente no ano 2006, en que os obxectivos establecidos guíaron o orzamento da institución, foi no ano 2007 cando se rematou a formulación da planificación, coa elaboración e a aprobación do documento PEUDC_D9 (Determinación de proxectos) e da Programación Plurianual 2007-2008. Estes documentos, logo de seren presentados ante o Claustro o día 13 de abril de 2007, recibiron o apoio unánime do Consello de Goberno (na súa sesión do 15/5/07) e do Consello Social (14/06/07). Poden consultarse na páxina web da Oficina de Planificación Estratéxica (<http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/peudc10.asp>).

Na determinación dos proxectos e accións cómpre salientar o consenso acadado entre os participantes nas comisións de Estatexia e Áreas, aos que, á vista da súa valiosa contribución na fase anterior, se sumaron os grupos de debate formados por representantes das xuntas de centro.

Formuláronse 45 proxectos e 165 accións, orientados fundamentalmente ao impulso da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, a avanzar na cobertura dos déficits de infraestruturas na UDC e ao fomento da investigación. O seguinte cadro recolle a clasificación dos primeiros:

Área	Enunciado do obxectivo	Proxectos
DOCENCIA	O1. Potenciación da cultura da calidade e a innovación	Fomento da cultura da calidade Fomento da cultura da innovación
	O2. Facilitar a transición no proceso de integración no EEES	Programa de formación en materia de EEES Adaptación das estruturas docentes ao EEES
	O3. Desenvolvemento dun mapa de titulacións competitivo	Revisión e avaliación do mapa de titulacións Orientación de recursos humanos e materiais ás novas titulacións Potenciación do coñecemento de idiomas
	O4. Fomento do uso das TIC no proceso ensino –aprendizaxe	Fomento das TICS: Hardware Fomento das TICS: Software
	O5. Captación de alumnado e coordinación con outros niveis educativos	Reforzo dos programas de bolsas Promoción da UDC entre os alumnos potenciais
	O6. Fomento das prácticas en empresas e institucións	Programa en rede de prácticas en empresa Reforzo dos contactos con empresas para prácticas
	O7. Axilización e simplificación dos procedementos de xestión	Axilización da xestión académica
	O8. Reforzar o papel da Biblioteca Universitaria para a integración no EEES	Actualización do papel da biblioteca universitaria

Área	Enunciado do obxectivo	Proxectos
I+D+i	O1. Incrementar a investigación de calidade	Cómputo da actividade investigadora no POD Dotación de recursos para os grupos de investigación
	O2. Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico	Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico da Coruña Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico de Ferrol
	O3. Fomentar a relación con outros grupos de investigación	Fomento da relación con outros grupos de investigación
	O4. Ampliación, mellora e optimización de infraestruturas, equipamentos e SAI	Ampliación das infraestruturas de investigación Optimización das infraestruturas de investigación
	O5. Mellora dos procesos de xestión da investigación e de apoio aos investigadores	Organización dos servizos de xestión da investigación Simplificación da xestión
	O6. Promoción da transferencia dos resultados da investigación á sociedade e do papel da Universidade como axente de desenvolvemento rexional	Fomento das relacións universidade -empresa Proxección das infraestruturas de investigación

Área	Enunciado do obxectivo	Proxectos
RELACIÓNS COA SOCIEDADE	O1. Facilitar a relación dos Campus cos contornos metropolitanos	Fortalecemento da dimensión de centralidade do campus e a súa relación coa cidade e o seu territorio Accesibilidade dos campus
	O2. Impulso das actividades culturais da UDC	Ampliación de actividades Habilitación de instalacións culturais
	O3. Potenciación das relacións internacionais	Fortalecemento da dimensión internacional da UDC
	O4. Incremento das dispoñibilidade e o aproveitamento de instalacións deportivas	Extensión das actividades deportivas Ampliación e acondicionamento de instalacións deportivas
	O5. Potenciación da proxección e a imaxe da UDC	Potenciación da imaxe da UDC Potenciación da política de comunicación
	O6. Normalización da lingua galega	Aplicación progresiva do plano de normalización lingüística
	O7. Adaptación dos campus da Coruña e de Ferrol aos principios do urbanismo sustentable e da arquitectura ecolóxica	Xestión ambiental Adaptación dos campus aos principios da arquitectura ecolóxica Adaptación dos campus aos principios do urbanismo sustentable Seguridade e hixiene
	O8. Desenvolvemento do planeamento urbanístico dos campus da Coruña e de Ferrol	Desenvolvemento de Convenios urbanísticos na Coruña Incorporar ao Plano xeral de ordenación urbana de Ferrol a ampliación do campus universitario
	O9. Fomento da cultura crítica, solidaria e participativa	Fomento da cultura solidaria Fomento do software libre e os estándares abertos
	O10. Realización dunha oferta residencial universitaria na Coruña e en Ferrol	Áreas residenciais universitarias

A Programación plurianual consta dos seguintes contidos:

1. Determinación do horizonte temporal: estableceu-se o período 2007-2008.
2. Estimación dos ingresos e dos gastos correspondentes ás principais partidas orzamentarias durante a vixencia do Plano estratéxico. Esta análise pon de manifesto a insuficiencia do Plano de financiamento do sistema universitario de Galicia 2005-10 para acometer todos os investimentos que a UDC demanda no proceso de adaptación ao EEES.
3. Plano xeral dos investimentos que se van realizar, con indicación dos destinados á docencia e a investigación, e fontes de financiamento dispoñibles. Recolle os investimentos clasificados baixo as epígrafes de docencia e de investigación, así como as fontes de financiamento, orzamentarias e extraorzamentarias, previstas.
4. Previsións sobre a evolución dos efectivos docentes, investigadores e de persoal de administración e servizos. Xustifícase a necesidade da UDC de incrementar os seus efectivos tanto en PAS como en PDI para converxer co resto das institucións do seu contorno. Nesa dirección van dirixidas a implantación da RPT e a revisión do cómputo da dedicación do profesorado no POD (inclusión das actividades de investigación e revisión do cómputo das de xestión).
5. Consideracións finais. Dado que este documento pecha a formulación do Plano estratéxico da UDC, remátase cunha valoración global deste, resumida en 5 características:
 - Participación: traballaron no Plano 10 comisións con 92 membros
 - Transparencia: accesibilidade dos documentos intermedios e finais
 - Minuciosidade: formuláronse 24 obxectivos, 45 proxectos e 165 accións
 - Consenso: os documentos foron aprobados co máximo consenso polo Claustro e os Consellos de Dirección, de Goberno e Social
 - Vivo: proceso dinámico e extensión a outras unidades

Programa de adaptación ao EEES

O remate do saneamento das contas da UDC permitiu abordar no exercicio 2007 investimentos extraordinarios, que se orientaron ás necesidades priorizadas no Plano Estratéxico, traducidas nun Programa de intensificación da adaptación ao EEES dotado cun importe duns 3 millóns de euros. As liñas de actuación do Programa foron as seguintes:

Actuación	Obxecto	Importe	Distribución
Adaptación das instalacións e equipamento dos centros: orientado ás accións previstas nos seus Planos de Mellora.	Investimentos en instalación e equipamento dos centros para a adaptación ao EEES. Fináncianse proxectos concretos seleccionados por cada centro ata o importe que lle corresponda. Os proxectos incluídos nas accións de mellora do centro e os de eliminación de barreiras arquitectónicas incrementan a dotación nun 50% adicional	2.212.395,14 €	25% a partes iguais entre os centros responsables da xestión dun edificio, 50% en proporción ao número de alumnos ponderados por experimentalidade e 25% en proporción ao número de títulos oficiais (incluídos os POP)
Adaptación do equipamento dos departamentos	Investimento en equipamento para docencia e investigación dos departamentos para a adaptación ao EEES	187.000 €	A partes iguais entre os departamentos, cun 25% adicional para os que teñen maior número de profesores (os que se atopen no cuartil superior da distribución)
Promoción da UDC	Promoción da UDC e captación de alumnado, centrado na promoción (publicidade, ciclos de conferencias...) dos programas oficiais de posgrao, apoiado en estudos do Observatorio Ocupacional.	190.800 € + 18.600 €	A partes iguais entre os másteres e 18.600 € para unha enquisa do observatorio. Nos programas interuniversitarios aplicarase a fracción correspondente á participación da UDC.
Ampliación de aulas de estudo e accesibilidade do CUR	Ampliación do número de aulas de estudo dispoñibles no CUR e mellora da accesibilidade mediante a instalación dun ascensor	295.000 €	
Outras actuacións	Desenvolvemento dun programa de prácticas para alumnos no estranxeiro (25 alumnos)	28.000 €	
	Concurso de ideas do edificio Campus-Center en Elviña	50.000 €	

No capítulo de Infraestruturas inclúesen os proxectos presentados polos centros para adaptar as súas instalacións.